



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 29 DE MAIO DE 2025.

|                                                                                                                                                                                             |    |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| 1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 24-04-2025, E SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DÍA 05-05-2025..... | 2  |
| 2.- RENUNCIA AO CARGO DO CONCELLEIRO DO CONCELLO DE PONTEDEUME, DON LUÍS PENA MOSQUERA, PERTENCENTE AO GRUPO POLÍTICO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG).....                                 | 4  |
| 3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 12. CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM.2.....                                                                                                                    | 6  |
| 4.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE: PROPOSICIÓN NON DE LEI PARA A HABILITACIÓN DO USO DO GALEGO NO PARLAMENTO EUROPEO.....                                                                | 9  |
| 5.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE: DÍA INTERNACIONAL CONTRA A HOMOFOBIA A TRANSFOBIA E A LGTBIFOBIA.....                                                                                 | 12 |
| 6.- DAR CONTA INFORME RESUMEN ANUAL DE CONTROL INTERNO 2024.....                                                                                                                            | 15 |
| 7.- DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 1º TRIMESTRE DE 2025).....                                                                     | 16 |
| 8.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 108/2025 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE 2025.....                                                 | 17 |
| 9.- DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA ISPA 2025 (RETRIBUCIÓNS 31/12/2024).....                                                                                 | 18 |
| 10.- ASUNTOS DE URXENCIA.....                                                                                                                                                               | 18 |
| 11.- ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.....                                                                                                        | 18 |
| 12.- ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....                                                                                                                                 | 24 |
| 13.- ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....                                                                                                                                | 24 |
| 13.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....                                                                                                                                | 24 |
| 13.2.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....                                                                                                                                    | 25 |
| 13.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....                                                                                                                                 | 25 |
| 13.4.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....                                                                                                                                     | 28 |
| REMATE DA SESIÓN.....                                                                                                                                                                       | 28 |
| DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....                                                                                                                                                               | 28 |





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 29 DE MAIO DE 2025.

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

##### Concelleiros/as:

D<sup>a</sup> María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e sete minutos do día vinte e nove de maio de dous mil vinte e cinco, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria xeral e a Interventora municipal.

##### A Secretaria xeral:

D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos

##### A Interventora municipal

D<sup>a</sup>. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

### **1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 24-04-2025, E SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE DÍA 05-05-2025.**

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

### **LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Recibida polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 24.04.2025**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE 05.05.2025**

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 24.04.2025** (borrador asinado o día 14.05.2025)

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE 05.05.2025** (borrador asinado o día 26.05.2025)

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro”.

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións procédese a votar os borradores das actas por separado.

Sométese a votación o borrador da acta da sesión ordinaria do Pleno de día 24.04.2025, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 1 BNG, 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondentes á sesión:

**SESIÓN ORDINARIA DE 24.04.2025** (borrador asinado o día 14.05.2025).

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación o borrador da acta da sesión extraordinaria e urgente do Pleno de día 05.05.2025, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE DEZ VOTOS A FAVOR (10)**; dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro,





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D<sup>a</sup> Manuela García Fachal; do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago Jose Rodriguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)**, do alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro e da concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera, por non estar presentes na sesión cuxo borrador se somete a consideración; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE 05.05.2025** (borrador asinado o día 26.05.2025)

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

### **2.- RENUNCIA AO CARGO DO CONCELEIRO DO CONCELLO DE PONTEDEUME, DON LUÍS PENA MOSQUERA, PERTENCENTE AO GRUPO POLÍTICO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 26.05.2025, que se transcribe a continuación:

#### **«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO**

**SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 26 DE MAIO DE 2025**

**EXPDTE: 2025/G012/000009**

*Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:*

#### **“PROPUESTA DE ACUERDO.**

**RENUNCIA AL CARGO DEL CONCEJAL DEL AYUNTAMIENTO DE PONTEDEUME, DON LUÍS PENA MOSQUERA, PERTENECIENTE AL GRUPO POLÍTICO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

**Expediente 2023/G005/000001-2025/G006/000135.**

*Visto el escrito que suscribe don Luís Pena Mosquera, Concejal que resultó elegido por la lista política del Partido BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.) en el partido judicial de Betanzos en las últimas elecciones municipales presentado el día 24/04/2025 en Registro de Entrada con el núm. de asiento, 202500000000675, en el que manifiesta su voluntad de renunciar por motivos personales al cargo de concejal del ayuntamiento de Ponte deume, así como a sus obligaciones derivadas de dicha condición, lo que pone en conocimiento del Pleno, para el cumplimiento de los trámites necesarios ante la Junta Electoral.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



CONCELLO DE PONTEDEUME

### ESCRITO DE RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO

Luís Pena Mosquera, con DNI 33.994.366-K concelleiro do Concello de Pontedeume, integrado no Grupo Municipal do BNG.

#### EXPÓN:

Que mediante o presente escrito comunica ao Concello a súa **RENUNCIA**, por motivos persoais, ao cargo de concelleiro do Concello de Pontedeume, así coma as súas obrigacións derivadas de dita condición.

#### SOLICITA:

A posta en coñecemento do Pleno desta renuncia e o cumprimento dos trámites que sexan necesarios ante a Xunta Electoral.

*Considerando lo dispuesto en el artículo 9.4 del Reglamento de Organización y Funcionamiento de las Entidades Locales y en los artículos 15.2, 19.1.I) y 182 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General y normas concordantes, especialmente en la Instrucción de la Junta Electoral Central de 10 de julio de 2003, sobre sustitución de cargos representativos locales, con respeto a los miembros de la Corporación que adquieran su condición con posterioridad a la sesión constitutiva.*

*Resultando que, de conformidad con la Instrucción de 10 de julio de 2003 de la Junta Electoral Central, sobre relevo de cargos representativos locales, el Pleno de la Corporación Municipal cuando se produzca la renuncia, debe tomar cuenta de la misma;*

*Esta Alcaldía propone al Pleno que, previo dictamen de la Comisión Informativa, adopte el siguiente acuerdo:*

**PRIMERO.-** Tomar conocimiento de la renuncia al cargo de concejal del ayuntamiento de Pontedeume, de don Luís Pena Mosquera, concejal que resultó elegido por la lista política del Partido Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.) en el partido judicial de Betanzos en las Elecciones Municipales 2023.

**SEGUNDO.-** Declarar la vacante de un puesto de Concejal/a perteneciente al grupo político BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.).

**TERCERO.-** Remitir certificación del presente acuerdo a la Junta Electoral Central a los efectos de la expedición de credencial acreditativa de la condición de electo a favor del candidato que corresponda, haciendo constar que, a juicio de la Corporación, según la certificación expedida por la Junta Electoral de Zona de Betanzos, con fecha 25.04.2023 (BOP nº 79 de 26.04.2023) corresponde cubrir la vacante a Doña María del Rocío Pena Pena.

*A Presidencia abre a quenda para o debate.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

...//...

Sen intervencións, se somete a proposta a votación, quedando **DICTAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os termos a proposta transcrita, **POR UNANIMIDAD** de los concelleiros e concelleiras presentes (5 PSOE, 1 BNG e 1 PP)".

La Presidencia abre el turno para el debate.

Sin intervencións se somete a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDAD**, de los concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 1 BNG y 2 PP), el ACUERDO seguinte:

**PRIMERO.-** Tomar coñecemento de la renuncia al cargo de concelleiro do concello de Ponte deume, de don Luís Pena Mosquera, concelleiro que resultó elegido por la lista política del Partido Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.) en el partido judicial de Betanzos en las Eleccións Municipales 2023.

**SEGUNDO.-** Declarar la vacante de un posto de Concelleiro/a pertenciente al grupo político BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.).

**TERCERO.-** Remitir certificación del presente acordo a la Junta Electoral Central a los efectos de la expedición de credencial acreditativa de la condición de electo a favor del candidato que corresponda, facendo constar que, a xuízo de la Corporación, según la certificación expedida por la Junta Electoral de Zona de Betanzos, con fecha 25.04.2023 (BOP nº 79 de 26.04.2023) corresponde cubrir la vacante a Doña María del Rocío Pena Pena.

### 3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 12. CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM.2.

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda de día 26.05.2025, que se transcribe a continuación:

#### «DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

**SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 26 DE MAIO DE 2025**

**EXPDTE: 2025/G012/000010**

### 2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 12. CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM.2.

Consta proposta de alcaldía que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

**Expediente TEdC: 2024/T002/000012 relacionado co 2022/P002/000002**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De conformidade co previsto nos artigos 82.3.e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en relación coa modificación de crédito número 4/2025 na modalidade de crédito extraordinario e de suplemento de crédito, co fin de incluílo na Orde do Día da próxima sesión plenaria que se convoque,

Visto o expediente tramitado que consta de Providencia da Alcaldía, Memoria da Alcaldía e os informes de Intervención de referencia 137 e 138/2025

Visto que da liquidación do orzamento de 2024, aprobada mediante Resolución da Alcaldía número 111/2025, de 28/02/2025, resultou un remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado de 77.930,90 euros e para gastos xerais de 1.937.566,29 euros.

Tendo en conta que no expediente de modificación de créditos número 2, modalidade de incorporación de remanentes número 1 aprobado por Resolución número 141/2025, de 18/03/2025, utilizouse en parte o remanente de tesourería para gasto con financiamento afectado, concretamente por importe de 58.133,17 euros e tamén o remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 532.922,09 euros

Tendo en conta que con data do 27/03/2025 aprobouse polo Pleno de Concello o expediente de modificación de créditos número 4, utilizando como recurso de financiamento o Remanente de tesourería para gastos xerais por importe total de 403.851,67 euros (53.200 euros para financiar un crédito extraordinario e 350.651,67 euros para financiar un suplemento de crédito)

Visto que na Memoria da Alcaldía se propón a tramitación do presente expediente para facer fronte á sentenza de 20/01/2025, por importe de 210.588,35 euros e os xuros calculados pola tesoureira municipal o 30/04/2025 na contía de 1.181,31 euros, polo que con esta modificación por importe de 211.769,66 euros, a utilización do Remanente para gastos xerais ascendería a 1.148.543,36 euros.

Visto que o destino do dito remanente (superávit) vén regulado no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF), no que se establece a obrigatoriedade de destinar o superávit da liquidación a reducir endebedamento ou, alternativamente, aos destinos previstos na Disposición Adicional Sexta do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e sendo que este Concello non ten débeda con entidades financeiras,

Visto que este Concello, ao non ter débeda financeira, está fóra do ámbito de aplicación das ditas medidas,

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.-** Que se habilite unha modificación de crédito por importe total de **211.769,66** para financiar o importe da indemnización a Servicio cultura deporte y Recreación SL en aplicación da Sentenza do TSXG ditada o 20/01/2025 e notificada o 19/03/2025, así como aos xuros calculados pola tesoureira municipal o 30/04/2025, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de Crédito extraordinario de acordo co seguinte:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| DENOMINACIÓN                                             | APLICACIÓN ORZ. | CONTÍA     | SUBCONC. | CONTÍA     |
|----------------------------------------------------------|-----------------|------------|----------|------------|
| Administración Xeral do deporte. Xurídicos, contenciosos | 340.22604       | 210.588,35 | 87000    | 211.769,66 |
| Administración Xeral do deporte. Xuros                   | 340.35200       | 1.181,31   |          |            |

**SEGUNDO.-** Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor para dar cumprimento á sentenza indicada.

*Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno”.*

A presidencia abre a quenda para o debate.

...//...

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, **POR MAIORÍA DE 5 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e da concelleira do grupo municipal do PP (1), D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro».

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para preguntar en que situación se atopan os trámites para o novo contrato de xestión da piscina municipal.

Responde o **Sr. Presidente** indicando que o equipo redactor está actualizando prezos, que vai ser un contrato de servizos; unha vez que dispoñan do documento enviarase aos correspondentes departamentos para o seu informe e poder sacar a licitación. Indica que a sentenza é polo equilibrio económico financeiro da pandemia, moi similar a que ocorreu con outros concellos; que co motivo do Covid-19 a empresa tivo que manter os traballadores a pesar de pechar a súa actividade. Continúa dicindo que faloron coa empresa para negociar un plan de pagamentos entre este ano e o primeiro trimestre do ano seguinte; a pesar de que o





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

concello ten capacidade económica suficiente para facer o pagamento, pero prefiren se é posible negociar esta opción.

Sen máis intervencións sométese a votación o ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE ONCE VOTOS A FAVOR (11)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera e D<sup>a</sup> Manuela García Fachal; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; o **ACORDO seguinte**:

**PRIMEIRO.-** Que se habilite unha modificación de crédito por importe total de **211.769,66** para financiar o importe da indemnización a Servicio cultura deporte y Recreación SL en aplicación da Sentenza do TSXG ditada o 20/01/2025 e notificada o 19/03/2025, así como aos xuros calculados pola tesoureira municipal o 30/04/2025, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de Crédito extraordinario de acordo co seguinte:

| DENOMINACIÓN                                             | APLICACIÓN ORZ. | CONTÍA     | SUBCONC. | CONTÍA     |
|----------------------------------------------------------|-----------------|------------|----------|------------|
| Administración Xeral do deporte. Xurídicos, contenciosos | 340.22604       | 210.588,35 | 87000    | 211.769,66 |
| Administración Xeral do deporte. Xuros                   | 340.35200       | 1.181,31   |          |            |

**SEGUNDO.-** Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor para dar cumprimento á sentenza indicada.

#### 4.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE: PROPOSICIÓN NON DE LEI PARA A HABILITACIÓN DO USO DO GALEGO NO PARLAMENTO EUROPEO.

Toma a palabra **Alejandra Bellón Tenreiro**, concelleira portavoz do grupo municipal do PsdeG-PSOE que da lectura a moción presentada:

**“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO, CON MOTIVO DA PROPOSICIÓN NON DE LEI PARA A HABILITACIÓN DO USO DO GALEGO NO PARLAMENTO EUROPEO.**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*O pasado 7 de maio, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha Proposición Non de Lei no Parlamento de Galicia coa fin de acadar o consenso para que a lingua galega sexa lingua oficial no Parlamento Europeo.*

*A proposición foi aprobada por unanimidade por tódolos partidos da Cámara, no que entendemos foi un exercicio de axuda a reconstruír o camiño do consenso respecto á lingua galega.*

*A Unión Europea constitúe un espazo no que conviven 24 linguas oficiais. Número que foi crescendo conforme se incrementaron o número de países membros. Tanto no Tratado da Unión Europea, como na Carta de Dereitos Fundamentais, así como na lexislación derivada, existe unha sólida base xurídica de aposta polo multilingüismo.*

*Respondendo tanto á realidade lingüística plural española como á vontade política maioritaria, ao longo do ano 2024 o Goberno de España solicitou ao Consello Europeo que o galego, o catalán e o vasco sexan recoñecidos como linguas oficiais da Unión Europea. E ao Parlamento Europeo que se permite o uso da lingua galega, ademais do catalán, e o vasco na Eurocámara.*

*Desde a súa creación, a Unión Europea foi incorporando progresivamente novas linguas á súa lista de idiomas oficiais, en consonancia co artigo 3 do Tratado da UE, que establece que: “a Unión respectará a riqueza da súa diversidade cultural e lingüística...”.*

*A inclusión do galego nesta lista trasladaría ao ámbito europeo a realidade lingüística de España, permitiría que a lingua galega tivese presenza en institucións que representan a máis de 450 millóns de persoas e suporía un recoñecemento á súa plena vixencia nun mundo globalizado.*

*Representaría ademais un avance na promoción da nosa identidade cultural e a porta aberta para que poidan levarse a cabo proxectos culturais en galego con fondos culturais europeos.*

*Os gobernos vasco e catalán están a apoiar activamente esta medida. E desde o pasado 7 de maio o Partido Socialista de Galicia conseguiu o apoio do Parlamento Galego para levar adiante a proposta da oficialidade da lingua galega en Europa.*

*Por tal motivo, o Grupo Municipal Socialista de Pontedeume presenta a seguinte moción para a súa aprobación en pleno:*

*1) Apoiar o uso do galego no Parlamento Europeo, e instar aos órganos con capacidade de decisión na materia á toma en consideración da habilitación do uso do galego no Parlamento Europeo.*

*2) Dar traslado aos grupos políticos representados no Parlamento Europeo deste posicionamento político en prol do uso do galego na Eurocámara”.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Continúa dicindo a **Sra. Bellón**, que lles parece unha moción xusta, porque di que temos a sorte de ter unha lingua oficial, e como fixeron outros países, queren dar traslado para poder ter esta lingua en Europa.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG** para dicir que apoian a moción, que consideran que o galego debe ser oficial tamén na Unión Europea; e aproveitando que o equipo de goberno é quen trae a moción ao Pleno, quere instarlle a que se cumpra a normativa do galego no Concello, tanto na cartelería, na policía local..., xa que aquí o temos recoñecido e hai que esforzarse por cumprilo, cousa que hoxe non está a ocorrer.

*Sendo as 12:15 horas, o concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, don Daniel Ríos Fernández abandona a sesión.*

Toma a palabra a **Sra. Bellón** para dicir que aínda queda moito traballo por facer, pero que se está traballando co servizo de normalización lingüística para que a ordenanza que temos en vigor se aplique.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP, concelleiro portavoz do grupo municipal do PP**, para dicir que o seu voto vai ser a favor, que no Parlamento Galego xa se votou a favor por unanimidade dos grupos, e eles como grupo non queren ser menos.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicir que o goberno habitualmente nas súas propias publicacións soe cumprir coa normativa, pode suceder que algunhas entidades lles trasladen cartelería en castelán; pero que hai que facer pedagogía coas entidade, e ir corrixindo pouco a pouco. Sobre o incumprimento que fai a policía local, indica que cree que pensan que son “*corpos de Fuerza y seguridad del Estado*” e por iso que son castelán falantes.

*Sendo as 12:17 horas, o concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, don Daniel Ríos Fernández regresa á sesión.*

Toma a palabra a **Sra. Bellón** para dicir que moitas veces hai que sacar as cousas ás presas e non da tempo a envialas á normalización lingüística para a súa corrección, que o galego cambiou moito durante os últimos anos, polo que poden ter erros nas redaccións e incluso as ferramentas dixitais, continúa dicindo, ás veces corrixen de xeito erróneo e non se decatan. Finaliza dicindo que hai moito traballo neste ámbito.

Concluídas as intervencións sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do PSdG-PSOE, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 1 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 1) Apoiar o uso do galego no Parlamento Europeo, e instar aos órganos con capacidade de decisión na materia á toma en consideración da habilitación do uso do galego no Parlamento Europeo.
- 2) Dar traslado aos grupos políticos representados no Parlamento Europeo deste posicionamento político en prol do uso do galego na Eurocámara.

### 5.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE: DÍA INTERNACIONAL CONTRA A HOMOFOBIA A TRANSFOBIA E A LGTBIFOBIA.

Toma a palabra **Alejandra Bellón Tenreiro**, concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE que da lectura a moción presentada:

**“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO, CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A HOMOFOBIA, A TRANSFOBIA E A LGTBIFOBIA.**

*O 17 de maio conmemoramos o Día Internacional contra a Homofobia, a Transfobia e a Bifobia, unha data significativa na que, en 1990, a Asemblea Xeral da Organización Mundial da Saúde (OMS) eliminou a homosexualidade da lista de enfermidades mentais, poñendo fin á percepción institucionalizada de que a homosexualidade era unha enfermidade. Esta decisión supuxo un fito histórico na loita polos dereitos das persoas LGTBI a nivel global.*

*España é un país referente en políticas igualitarias e na defensa dos dereitos do colectivo LGTBI. Leis como a do matrimonio igualitario (Lei 13/2005), a Lei integral para a igualdade de trato e a non discriminación (Lei 15/2022), a Lei para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI (Lei 4/2023), ou as normativas autonómicas LGTBI consolidaron avances significativos. En Galicia, a Lei LGTBI de 2014, impulsada polo PSdG, foi un paso importante, pero a súa aplicación segue sendo insuficiente, con recursos limitados e unha falta de estruturas específicas para a diversidade no organigrama da Xunta de Galicia.*

*A pesar destes avances, os retos persisten. Segundo o Informe sobre a Evolución dos Delitos de Odio en España 2023, do Ministerio do Interior, rexistráronse 2.268 delitos e incidentes de odio en España, un 21% máis que en 2022, sendo os relacionados con orientación sexual e identidade de xénero máis do 23%. Ademais, as enquisas revelan que as vítimas a miúdo reciben unha atención insuficiente por parte das institucións, o que subliña a necesidade de mellorar a formación e os protocolos de actuación.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*A irrupción de discursos de odio, alimentados pola ultradereita, ameaza os dereitos conquistados. As administracións locais teñen un papel clave nesta loita, promovendo a educación, a sensibilización e o apoio ás vítimas.*

*No ano 2025, reafirmamos o dereito de todas as persoas a vivir libres de discriminación e violencia por mor da súa orientación sexual ou identidade de xénero. É preciso redobrar esforzos para erradicar os delitos de odio e construír unha sociedade máis xusta e inclusiva.*

*Por todo o exposto, desde o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponte deume, solicitamos aos demais grupos municipais o apoio aos seguintes **ACORDOS**:*

1. *Reforzar os servizos de atención para as vítimas de LGTBIfobia, garantindo unha resposta rápida e adecuada ás súas necesidades.*
2. *Establecer ou fortalecer redes de colaboración con asociacións LGTBI, recoñecendo o seu papel esencial na atención ás vítimas e na promoción da igualdade.*
3. *Deseñar e impulsar campañas municipais de sensibilización contra a LGTBIfobia, dirixidas especialmente á mocidade, para promover o respecto á diversidade e previr os discursos de odio.*
4. *Promover a formación específica da policía local e do persoal municipal en materia de prevención, identificación e atención a vítimas de delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero.*
5. *Incorporar materiais educativos e informativos sobre diversidade LGTBI nas bibliotecas municipais e nos centros educativos, fomentando a coeducación e o respecto pola diversidade.*
6. *Apoiar iniciativas culturais, deportivas e sociais, como festivais de cine ou eventos inclusivos, que visibilicen e promovan os dereitos do colectivo LGTBI.*
7. *Instar á Xunta de Galicia a:*
  - *Dotar de maiores recursos económicos e humanos á aplicación da Lei LGTBI de Galicia, garantindo o seu pleno desenvolvemento.*
  - *Elaborar estudos anuais sobre o impacto dos discursos de odio no colectivo LGTBI, para deseñar políticas preventivas baseadas en datos.*
  - *Presentarse como acusación en casos graves de agresións LGTBIfóbicas, mostrando un compromiso claro contra a impunidad".*

Toma a palabra don **Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para dicir que o seu grupo está a favor da moción, pero quere introducir no punto 5, xa que no seu día presentaron un rogo ao pleno para realizar uns andeis multicolor na biblioteca; a frase "creando estanterías temáticas"; quedando o punto 5 redactado do seguinte xeito:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*«5. Incorporar materiais educativos e informativos sobre diversidade LGTBI nas bibliotecas municipais, creando estanterías temáticas; e nos centros educativos, fomentando a coeducación e o respecto pola diversidade».*

Contesta a **Sra. Bellón** que non hai problemas pola nova redacción.

Continúa o **Sr. Curbeira** dicindo que o mes de xuño celébrase o “Mes do orgullo LGBTQIA+” e propón realizar unha declaración institucional por este motivo para o pleno do mes de xuño.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, para dicir que todos os recursos son poucos para atallar o problema; pero no punto 7 indica que en Galicia xa existe un observatorio onde se fan estudos, se analizan os problemas; que pode gustar ou non; pero non se pode pedir a creación dun organismo cando xa existe; polo que piden a supresión do punto, xa que non poden votar a favor de algo existente; ou senón a votación por puntos, indicando que apoian todos os puntos e se absterán no punto sétimo.

Responde a **sra. Bellón** que non é cuestión de que guste ou non, pídesse que se elaboren estudos con datos obxectivos.

Acepta o grupo municipal do PSdeG-PSOE, que se vote a moción por puntos.

Finalizadas as deliberacións, a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, queda enmendada na parte dos acordo, no seu punto 5 a proposta do grupo municipal do BNG, quedando redactada do seguinte xeito:

1. Reforzar os servizos de atención para as vítimas de LGTBIfobia, garantindo unha resposta rápida e adecuada ás súas necesidades.
2. Establecer ou fortalecer redes de colaboración con asociacións LGTBI, recoñecendo o seu papel esencial na atención ás vítimas e na promoción da igualdade.
3. Deseñar e impulsar campañas municipais de sensibilización contra a LGTBIfobia, dirixidas especialmente á mocidade, para promover o respecto á diversidade e previr os discursos de odio.
4. Promover a formación específica da policía local e do persoal municipal en materia de prevención, identificación e atención a vítimas de delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero.
5. Incorporar materiais educativos e informativos sobre diversidade LGTBI nas bibliotecas municipais creando estanterías temáticas; e nos centros educativos, fomentando a coeducación e o respecto pola diversidade.
6. Apoiar iniciativas culturais, deportivas e sociais, como festivais de cine ou eventos inclusivos, que visibilicen e promovan os dereitos do colectivo LGTBI.
7. Instar á Xunta de Galicia a:
  - Dotar de maiores recursos económicos e humanos á aplicación da Lei LGTBI de Galicia, garantindo o seu pleno desenvolvemento.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Elaborar estudos anuais sobre o impacto dos discursos de odio no colectivo LGTBI, para deseñar políticas preventivas baseadas en datos.
- Presentarse como acusación en casos graves de agresións LGTBIfóbicas, mostrando un compromiso claro contra a impunidade.

Sométese a votación os puntos de acordo número 1 ao 6, da moción enmendada, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 1 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

1. Reforzar os servizos de atención para as vítimas de LGTBIfobia, garantindo unha resposta rápida e adecuada ás súas necesidades.
2. Establecer ou fortalecer redes de colaboración con asociacións LGTBI, recoñecendo o seu papel esencial na atención ás vítimas e na promoción da igualdade.
3. Deseñar e impulsar campañas municipais de sensibilización contra a LGTBIfobia, dirixidas especialmente á mocidade, para promover o respecto á diversidade e previr os discursos de odio.
4. Promover a formación específica da policía local e do persoal municipal en materia de prevención, identificación e atención a vítimas de delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero.
5. Incorporar materiais educativos e informativos sobre diversidade LGTBI nas bibliotecas municipais creando estanterías temáticas; e nos centros educativos, fomentando a coeducación e o respecto pola diversidade.
6. Apoiar iniciativas culturais, deportivas e sociais, como festivais de cine ou eventos inclusivos, que visibilicen e promovan os dereitos do colectivo LGTBI.

Sométese a votación o punto número 7 da moción presentada polo grupo municipal do PSdG-PSOE, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE DEZ VOTOS A FAVOR (10)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e D<sup>a</sup> Manuela García Fachal; do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

7. Instar á Xunta de Galicia a:
  - Dotar de maiores recursos económicos e humanos á aplicación da Lei LGTBI de Galicia, garantindo o seu pleno desenvolvemento.
  - Elaborar estudos anuais sobre o impacto dos discursos de odio no colectivo LGTBI, para deseñar políticas preventivas baseadas en datos.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Presentarse como acusación en casos graves de agresións LGTBIfóbicas, mostrando un compromiso claro contra a impunidade.

### 6.- DAR CONTA INFORME RESUMEN ANUAL DE CONTROL INTERNO 2024.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA**

#### **INFORME RESUMEN ANUAL DE CONTROL INTERNO 2024**

(Expediente TEdC: 2025/X999/000127)

*En cumprimento do artigo 37 del RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.*

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Dar conta do informe de Intervención municipal de referencia 112/2025, de asunto: “Informe resumen anual del control interno 2024, en cumplimiento del artículo 37 del RD 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**.

### 7.- DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 1º TRIMESTRE DE 2025)

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA**

#### **REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 1º TRIMESTRE DE 2025)**

(Expediente TEdC: 2025/X999/000123)

